
Maruxia 12
A.C. OS MATOS / I.E.S. PERDOURO
ILUSTRACION: ELIANA HERMIDA RAMOS



A.C. "OS MATOS"

I.E.S. "PERDOURO"

I.E.S. PERDOURO

BURELA

Sumario

PORTADA
Eliana Hermida Ramos

SAÚDA
Ana Robles Fraga

ARQUIVO DO REINO DE GALICIA
Antonio Rozas Manón

INTENTANDO APARENTAR O QUE NON É
Iria Alvarez García - 2.º ESO

UNHA RUTA POR ALFOZ E VALADOURO
María Santiago Cañizal - 1.º A

O RETO NA MENSAXE
María Santiago Cañizal - 1.º A

AS ESTACAS DO ELEFANTE
Antía Saa del Río - 2.º A

XAN E A FILLA DO REI
M.ª Elena Rico Berdeal - 1.º ESO

PERDER UN TESOURO E ATOPAR OUTRO
Yaiza Pernas - 1.º ESO

SANTOS GALEGOS
Antón Niñe Fernández

POESÍAS
MES DE XANEIRO: Lucía Rivas Ramos
A PRIMAVERA: Lucía O. L.
PRIMAVERA: Adrián Pernas - 3.º ESO - C
SIN TITULO: Raquel San José Díaz - 3.º ESO - C

RIMAS E SONS NA LINGUA
Lucía Barrera López - 2.º B

¿QUE CHE PARECE O CINE?
Alfredo Llano García

A FESTA POPULAR
Sonia Mendes da Silva
Libertad Fraga Alvarez
David Canto Veiga
2.º Bacharelato - A

FICCION OU VIDA REAL?
Laura Chao Valle - 2.º ESO

MANUEL LUGRÍS FREIRE
Equipo de Normalización Linguística

O CONTINENTE DO XEO
Alumnos de Ciencias Mediambientais e de Saúde - 3.º ESO

O TABACO
Iria Fernández Moscoso - 3.º A

ANIVERSARIO DE MOZART
Miguel Angel Casariego
Luis M. Otero
2.º A

BULLYING OU VIOLENCIA?
Ismael García
Antía González
Luis Mourelle
Ofelia Río
Silvia Otero
1.º Bacharelato

XESÚS VAL Y GAL
Departamento de Música

PASATEMPOS
Carla Cerdeiro - 1.º A
Lucía O. L.
Lucía Barrera López - 2.º B
Andrea Rico Pedrosa

DEBUXOS
M.ª Elena Rico Berdeal
Noelia
Yaiza PernasÓnega - 1.º B
Rocío Fernández Rodríguez - 1.º A
Lucía
Angie Mateos Guerrero - 1.º B
Aida

OFERTA EDUCATIVA IES "PERDOURO"

COORDINADOR:
Alfredo Llano García

CORRIXEN:
Bernardo Penabade
Neves Cando

EDITA:
Asociación Cultural "Os Matos"
coa colaboración do Equipo
de Normalización Lingüística do
I.E.S. "Perdouro"

ANO 2006 ■ N.º 12

Fotocomposición e Impresión: Gráficas Arfe - Burela

D.L.: LU - 171 - 00

Edita: A.C. "Os Matos" - I.E.S. Perdouro

SUBVENCIONA:

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERIA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Política Lingüística
Edificio Administrativo San Caetano - SANTIAGO

Programación - Formación - Instalación de Redes
Servicio asistencia técnica - Seguridad y protección de datos
Desarrollo web y servicios internet
Consultoría y asesoramiento informático
Venta de ordenadores, impresoras, consumibles y periféricos
Escuela de Navegación ENAL homologada

COMPUTER-3 INFORMATICA
C3 náutica
1985 2006
nos avala la experiencia

COMPUTER-3

www.computer-3.com www.c3nautica.com

Lugo 982 28 40 50 Burela 982 58 54 56 Sarria 982 53 50 22

ELECTROSON GALICIA, S.A.

COMPONENTES ELECTRONICOS INDUSTRIALES
I N F O R M A T I C A

Concepción Arenal, 48
Teléfono: 982 24 49 70
Fax: 982 24 69 71
L U G O

Saúda

Saúdos a todos os lectores de Maruxía 2006

Estamos a piques de rematar outro ano cheo de actividades no IES PERDOURO. Este número 12 de Maruxía culmina un curso de melloras no centro, a máis evidente das cales é a completa remodelación do entorno exterior do Centro.

Esa remodelación foi posible grazas á axuda da FUNDACIÓN ALCOA, que donou 35.100 dólares ao IES PERDOURO. Non é a primeira vez que a FUNDACIÓN ALCOA colabora xenerosamente co noso Centro. Esta vez a súa axuda permitiunos, ademais de embelecer os xardíns, transformalos nunha área de aprendizaxe de botánica e instalar unha caseta meteorolóxica para realizar prácticas de Ciencias Naturais. Dende aqui o noso agradecemento a ALCOA.

Outros cambios realizados no centro son menos visibles. O premio ás Actuacións en Calidade que nos concedeu a Xunta de Galicia en Xullo de 2005, dotado con 6.000 euros, axudounos a reorganizar todo o sistema de arquivos do Centro. Os arquivos non se ven, pero a súa reorganización permitiranos darlle un mellor servizo a todos os alumnos e ex-alumnos que constantemente veñen en busca de certificados de todo tipo.

Estas obras non son as únicas que se fixeron, pero si as máis relevantes deste ano. Culminan, ademais, a lista de melloras acometidas ao longo dos cinco anos nos que tiven a sorte de dirixir o IES PERDOURO.

Nestes cinco anos o traballo esforzado de todos os profesores que pasaron polo equipo directivo, (Brixida Pino, M.ª Soledad Gude, M.ª Amor Vieitez, M.ª Ángeles Sánchez, Karina Parga, Fausto López e, "last but no least", M.ª José Diaz) axudados por esa gran maioria do claustro e do persoal non docente que veñen a este centro a dar o mellor de si mesmos, conseguiu cambiar este centro e convertelo nun referente para outros moitos.

O resultado dese traballo faise evidente en acreditacións públicas, como a acreditación ao sistema de xestion de Calidade concedida por AENOR ao IES PERDOURO no curso 2004 - 2005 e que este ano fíxose extensiva ao departamento de Electrónica, co cal o IES PERDOURO xa está acreditado na súa totalidade.

Vese tamén nos premios acadados polos nosos alumnos e profesores (unha vez mais gañamos Euro-scola 2006 e quedamos segundos na competición nacional organizada por UNESA), pero sobre todo evidénciase nos continuos cambios a mellor nas instalacións, na organización e no funcionamento do IES PERDOURO.

O equipo directivo cambia este ano, e dende aquí aproveitamos para despedirnos de todos vós

Ana Robles Fraga

AUTOS MORÁN

AUTOCARES
MICROBUSES



Teléfonos: 982 52 12 08 - 608 58 80 97 (Móvil)
Fax: 982 52 13 50
Rúa Calvo Sotelo, 13 - **MONDOÑEDO** (Lugo)

A MARQUESA

C/. Castelao, n.º 5
Teléfono: 982 58 15 90
27880 **BURELA** (Lugo)

HOTEL - RESTAURANTE

Palacio de Cristal

Avda. Arcadio Pardiñas, 202
Teléfonos: 982 58 58 03 - 982 58 57 29
27880 **BURELA** (Lugo)

Arquivo do Reino de Galicia

Nada máis chegar á Coruña dirixímonos cara ó Arquivo do Reino de Galicia onde dúas señoras reuníronnos nunha sala e puxéronnos unha presentación en power point coa que nos explicaban isto.

O Arquivo do Reino de Galicia foi creado por Real Orde do rei Carlos III o 22 de outubro de 1775. Esta orde vén orixinar un proxecto do mesmo ligado á ideoloxía da Ilustración, que pretende considerar estes centros como acumulacións de fontes históricas de interese para a recuperación da memoria da sociedade. Pero en torno á súa orixe áchase ligada a da Real Audiencia de Galicia, institución de carácter xudicial e gobernativo creada polos Reis Católicos, e ás disposicións que tanto Carlos V como a súa nai, Xoana a Beltranexa, deron a primeiros do século XVI para que se puxesen a bo recaudo os preitos e expedientes da Audiencia. Lentamente, a autonomía do Arquivo foise consolidando, aínda que sen perder a súa relación coa Audiencia.

No século XX, resáltase a independencia do centro e sublíñase con nitidez a súa función de Arquivo Histórico de Galicia. Ademais diso, asignáranlle tamén o papel de Arquivo Histórico Provincial da Coruña para os documentos da Administración central periférica, primeiro, e da autonómica despois.

Historicamente, o Arquivo ocupou diversos espazos pero actualmente o edificio que é a sede do Arquivo está situado no Xardín de San Carlos da cidade da Coruña.

Despois de expoñer dunha forma breve cal é a procedencia do Arquivo do Reino de Galicia, creo que é conveniente explicar algunha palabra chave como pode ser: Arquivo, ou o dito anteriormente (Arquivo do Reino de Galicia).

Os arquivos son conxuntos de documentos creados ou reunidos no exercicio das súas funcións polas persoas físicas ou xurídicas (entre elas, os distintos órganos que integran as Administracións Públicas). Estes conxuntos son denominados tamén fondos de arquivo. A súa natureza é administrativa. Por iso, o adxectivo cultural designa neles unha calidade engadida ou derivada do valor que adquiren os documentos co paso do tempo.

Un centro de "colecciónS" como o Arquivo do Reino de Galicia é un establecemento onde diferentes organismos públicos depositan a súa produción documental, para que estes conxuntos poidan seguir a ser utilizados pola propia Administración e polos cidadáns. Esta empresa forma parte do Sistema de Arquivos de Galicia. Isto significa que é un centro que ten unhas funcións asignadas de recollida, custodia e servizo en relación coa documentación dun territorio concreto: a provincia da Coruña, en primeiro termo, pero tamén Galicia no seu conxunto. Así, debe recibir documentación producida por órganos das Administracións Públicas de todas as clases que exercen as súas funcións na provincia da Coruña, como tamén a que é testemuño da actividade do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Por último cabe destacar que o Arquivo do Reino de Galicia non só garda e clasifica todos eses arquivos para que poidan servir aos cidadáns nas súas investigacións senón que tamén contan na planta superior do edificio cun laboratorio dedicado a restauración e encadernación dos diferentes tipos de documentos.

Despois de saír do IES AS PONTES, dirixímonos cara a RAG e alí atopámonos cunha señora que nos levou a unha sala e nos contou a historia desta academia.

A necesidade da creación dunha Academia, sentida e exposta individualmente por diversos escritores durante o século XIX, non chegará a frutificar ata o 30 de setembro de 1906, data oficial da súa constitución no salón da Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos. Un ano antes, o 12 de outubro de 1905, presentáranse os Estatutos no Goberno Civil para a súa aprobación polo Ministerio de Instrucción Pública.

No ano 1895, atopamos un antecedente próximo na constitución da Comisión Xestora para a creación da Academia Galega sobre a base dunha sociedade, Folclore Galego, presidida por Emilia Pardo Bazán. Esta primeira tentativa non acadará o seu obxectivo fundacional aínda que os seus máis significados promotores, Emilia Pardo Bazán e Pérez Costales, serán nomeados presidenta e académico de honra da institución.

Pero o verdadeiro mérito e punto de partida da fundación da Real Academia Galega está, como tantas outras iniciativas, no fervor e na xenerosidade do mundo societario da emigración, é dicir que foron os emigrantes que puxeron os cartos para a construción da RAG, aínda que de todas formas, a Sociedade de Beneficencia dos Naturais de Galicia da Habana xa tiña nomeado a Rosalia (1873) e a Murguia (1877) como socios de honra.

En 1905 producíuse a fundación da Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega na Habana por iniciativa, principalmente, de Fontenla Leal e Curros Enríquez.

Os interlocutores en Galicia desta feliz iniciativa serán os persociros que se reunían na Librería Rexional de Uxío Carré Aldao, é dicir, na Cova Céltica, que con sede na rúa Rego de Auga, contaba con Manuel Murguia como cabeza visible. Este, a pesar das difíciles circunstancias persoais, motivadas polo Decreto do seu cesamento como funcionario nese mesmo ano, asume a responsabilidade fundacional consciente da necesidade dunha institución prestixiosa con capacidade para proxectar cara ao futuro o noso rexurdimento cultural.

Esta primeira etapa da Real Academia Galega (1906 1923) marcada pola presidencia do Patriarca non estará exenta de polémicas e duros enfrontamentos porque a ela chegarán os ecos de todas as tensións intelectuais e persoais que se xeraron durante os anos que Murguía dedicou a construir os horizontes da cultura galega. Así, á desconfianza natural que esperta todo movemento politico-social que loita por ocupar un espazo diferenciado, temos que engadir o eixo étnico-cultural do celtismo, a defensa da cultura popular nun mundo dominado polo saber académico, etc. Sen esquecer as tamén lexítimas aspiracións persoais para formar parte dos elixidos, que fixeron de Murguia o obxectivo das súas críticas.

Nesta etapa académica do Patriarca asistimos á definitiva mitificación da figura de Rosalia mentres que, paralelamente, se minusvaloran os servizos que Murguia prestara á cultura galega. No outono da súa existencia soportou pacientemente, en silencio, moitas acusacións inxustas prestando con esta actitude un servizo notable á institución que presidía.

Desde o primeiro ano da súa presidencia, concretamente desde o 20 de maio de 1906, Murguía dotou a Academia dunha publicación, Boletin de la Academia Gallega, que constitúe hoxe, despois de atravesar o século XX, unha digna marca de identidade para a institución. Discorre polas súas páxinas non soamente a intrahistoria institucional senón que moitos artigos de consulta obrigada figuran espallados polos seus 263 números.

Na segunda etapa da Real Academia Galega (1923-1936), condicionada polo baleiro que deixa a figura de Murguía, ocupan a presidencia Andrés Martínez Salazar (1923), Francisco Ponte Blanco (1923-1926), Eladio Rodríguez González (1926-1934) e Manuel Lugris Freire (1934-1935).

O inesperado falecemento de Martínez Salazar, respectado editor e prestixioso arquiveiro, destinado a substituír a Murguía, provoca unha preocupante parálise nas actividades académicas. Desde distintos sectores a prensa critica a ociosidade da institución e os sectores nacionalistas denuncian o escaso compromiso coa sociedade galega. Parece ser todo un indicio deste divorcio a fundación do Seminario de Estudos Galegos por parte duns mozos que non parecen confiarlle á Academia as súas arelas de descubrir Galicia e ampliar os horizontes culturais coa colaboración da Universidade.

Coa renuncia de Eladio Rodríguez, que coincide co nomeamento como académicos de número de Castelao e Antón Villar Ponte, asume a presidencia, creando novas expectativas, Manuel Lugrís Freire. Todo apuntaba a un proceso renovador coa incorporación de artistas e ideólogos de clara filiación nacionalista cando a Guerra Civil tronza estas esperanzas e dá lugar a unha etapa de semiclandestinidade

(1942-1977) na que acceden á presidencia Manuel Casás Fernández (1942-1960) e Sebastián Martinez Risco y Macías (1960-1977). Esta etapa de supervivencia queda moi expresiva e sinteticamente caracterizada pola dedicatoria que figura no libro de Avilés de Taramancos, *A frauta e o garamelo*, de febreiro de 1959: "Á Real Academia Galega, en espera de mellores tempos e labores".

Non obstante, no ano 1963 xorde das cadeiras da Academia unha proposta escasamente valorada nun primeiro momento pero que se torna especialmente dinamizadora co transcurso dos anos. Estamos a referirnos ao Día das Letras Galegas, que supuxo unha revisión constante e un rescate cultural sen precedentes.

Este longo tempo de espera, que contempla o traslado á actual sede da rúa Tabernas desde as dependencias municipais de Maria Pita, non remata tampouco coa presidencia, temporalmente ampla, de Domingo Garcia-Sabell (1977-1997), se ben é certo que neste periodo se produciron algúns feitos relevantes, como: a) o acordo, no 1982, entre a Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega en materia de Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, que puxo fin á discordia entre as normas da RAG e as normas do ILG; b) o recoñecemento á RAG na Lei de Normalización Lingüística; c) a creación, primeiro, do seminario de lexicografía (no que se elaboraría o primeiro dicionario monolingüe da RAG) e, máis tarde, do seminario de sociolingüística (que realizaría o Mapa sociolingüístico galego, sen dúbida o traballo máis importante de sociolingüística galega realizado ata o día de hoxe).

Foi un período marcado pola escaseza de medios e de infraestruturas, só aliviado nos últimos anos coa consecución de financiamento para algúns proxectos dos seminarios de lexicografía e de sociolingüística. Esta penuria de recursos determinou en grande medida a insuficiente presenza social da Institución.

A entrada na presidencia, en novembro de 1997, de **Francisco Fernández del Riego** supón unha apertura sen precedentes na historia da Academia Galega: toman posesión algúns académicos elixidos anos atrás, noméanse outros novos entre prestixiosos nomes de escritores e intelectuais procedentes de diversos estamentos, etc.

Á marxe das etapas máis ou menos dinámicas polas que pasou a Academia, esta foi acumulando unha serie de fondos documentais, obras de creación inéditas, ricos e moi diversos epistolarios, importantes fondos hemerográficos procedentes do mundo da emigración, etc.

Todo este material, ao que temos que engadir os fondos procedentes do arquivo Pardo Bazán, está en adiantado proceso de informatización, dinamizado polo actual presidente, **Xosé R. Barreiro Fernández** (decembro 2001), comprometido nunha acción renovadora cos horizontes postos no centenario da institución.

En pouco máis dun ano a Academia conta cun renovado espazo para o arquivo, cunha ampla sala para os investigadores, con distintos convenios con diversas institucións que permiten dar saída ás diferentes publicacións que xeran os proxectos de investigación e, sobre todo, a Academia ten presenza pública e empeza a gozar dun merecido prestixio social.

FUNCIÓNS DA ACADEMIA

Despois da introdución histórica de como xurdiu a RAG, vou pasar a citar cales son os obxectivos ou as finalidades, da citada academia, que a directora do museo de **Emilia Pardo Bazán** nos citou:

- Establecer as normas referidas ao uso correcto da lingua galega
- Estudar e propor a restauración da onomástica galega.
- Velar polos dereitos do idioma galego.
- Defender e promover o idioma galego.
- Asesorar os poderes públicos e institucións sobre temas relacionados co uso correcto da lingua e coa súa promoción social.
- Estudar e dar a coñecer o patrimonio literario e documental da institución.
- Decidir a personalidade literaria á que cada ano se dedica o Día das Letras Galegas.

Así que acabou a charla fomos visitar a casa-museo de Emilia Pardo Bazán, que resultou estar no mesmo edificio. Aquí puidemos ver onde ela escribía, lía... é dicir, onde facía vida.

Antonio Rozas Manín

ACADEMIA

A Mariña

ECA Empresa Registrada 2132/ER/03/02
ISO 9001

Lloyd´s Register España, S.A.
Marca de Calidad para Academias
de Enseñanza QAE 060 - 03

Centro de Seguridad Privada

Carné Instalador Electricista
CENTRO OFICIAL

Carné Manipulador de Alimentos
CENTRO OFICIAL

Protección Datos
Asesoramiento e implantación de la LOPD en tu empresa en:
DataGest A Mariña

ECA Gestión Medioambiental
612/MA/11/04

Tlfno. 982 58 50 98 - Fax: 982 57 51 01 - E-mail: amarina@infonegocio.com - www.amarina.org
Avda. Arcadio Pardiñas, 44 - Entlo. - **BURELA**

HERRAMIENTAS

FERPA S.L.

DISTRIBUIDOR PARA LA PROVINCIA DE LUGO DE:

Brocas LATZ - Machos y Cojinetes FERG - Sierras SANDVIK
Cuchillas y Plaquitas KRUPP WIDIA - Discos CABALLITO
Electrodos y Material Soldadura SEO
Herramientas Neumáticas INGERSOLL RAND

Avda. Benito Galcerán, 30 - Bajo
Teléfono: 982 56 26 55 - Fax: 982 56 26 55
27850 **VIVEIRO** (Lugo)

Intentando aparentar o que non é

Por: Iria Alvarez García (2.º E.S.O.)

Ás veces camiñando polas rúas observas a xente, que ao teu carón pasa, fíxaste nalgunha persoa. Non se sabe moi ben a causa, o motivo que nos impulsa a facelo... pero si... ocorre... e... quizais, nalgún caso intentas adiviñar: como é? a que se adica? onde e como vive? que cualidades ten?...

A todo isto - e a moito máis - atópaslle resposta nese intre, no que a túa ollada revisa de pés a cabeza esa persoa que ves de fronte... na rúa. E, o que é máis, atréveste a xulgala pola súa cara, peiteado, pola súa vestimenta, por como camiña, por como se move, por como olla, por... só polo seu aspecto físico.

Pensas xa que coñeces a persoa que vai pola rúa, que parece libre... coma unha aguia, segura de si mesma. Semella ser unha persoa sinxela, sen complicacións, simple, espida... Aínda así, xúlgala e decides falar con ela polo simple feito de pensar que non estás equivocado.

Nas primeiras conversas síntome satisfeita: o que eu cavilaba, resultou ser certo...

Non será a última conversa con el; mais a súa facete de home "normal" vese destruida ao estar sumerxido na máis profunda das soidades, aínda rodeado de persoas que o louban.

As palabras que se dedicaba a si mesmo non eran precisamente aduladoras.

Decátaste de que a persoa coa que falaches era unha invención miña, el era un narcisista coas veas obstruídas polas mentiras.

Adorarse a si mesmo, dar lástima... tentaba aparentar o que non é.

Iria Alvarez García - 2.º ESO



Unha Ruta por Alfoz e Valadouro

O pasado venres 31 de marzo viaxamos pola ruta do Cadramón - Santo Tomé (Alfoz - O Valadouro).

A primeira parada foi no pico da Frouxeira. Subimos ata arriba de todo, dende ali tiñamos unha vista marabillosa. Contáronnos que alí o Mariscal Pardo de Cela antes de ser apresado e axusticiado por ser o cabecilla dunha revolta contra os Reis Católicos refuxiouse no pico da Frouxeira.

Logo fomos á capela de Santa Filomena. Era moi pequena e antiga. Nunha das paredes laterais había relevos de distintas figuras labradas na pedra e dixéronnos que dentro tiña unhas pinturas antigas.

Dende a Serra do Xistral, un conxunto montañoso do norte de Galicia, vimos un espléndido panorama con moita vexetación e con fervenzas de caída libre.

O Dolmen de Santo Tomé pasa desapercibido nun campo e está cuberto de mofo e silvas. Tivemos que atravesar un valado para poder achegarnos ata el. É un monumento, como calquera outro, megalítico. Ali os homes da Prehistoria enterraban os seus mortos nun lugar un pouco elevado, aínda que agora está un pouto soterrado. No dólmen collían familias enteiras e facíanos como símbolo de respecto polos seus mortos. Os dolmens consistían en dúas ou máis pedras colocadas verticalmente e enriba unha horizontal.

En Santo Tomé había un lagar ao descuberto, amplo e rodeado por un cercado onde se xuntan os cabalos bravos para seren marcados. Era un curro. Cada ano faise unha festa á que chaman "a Rapa das bestas" na que se enfrontan os cabalos que andan sós polo monte. É unha festa popular. Tamén fomos por un camiño ata un sitio onde se vía ao lonxe un conxunto de grandes pedras colocadas verticalmente en círculo, semellando pedras fitas. Suponse que é moi antigo e aínda non se sabe o que representan. Chámase o "prado das chantas".

A min o que máis me gustou foi o dólmen de Santo Tomé porque paréceme que os homes que o construíron eran moi inxeniosos e fortes ao colocar desa maneira esas pedras tan grandes. Demostra que tiñan un grande respeto polos seus mortos e sérvenos para saber como vivían e pensaban os nosos antepasados. Gustaríame que o conservaran mellor e que quitaran o valado para poder entrar sen ningún problema.

María Santiago Cañizal - 1.° A

NOELIA

O reto na mensaxe

Marta, unha nena de Burela acostuma a escribirse por medio do "Messenger" con amigos/as de distintos países: Nadia de Brasil, John de Australia, Mohamed de Exipto,Lonxi do Nepal e Olav de Alaska.

Aos pais destes nenos gustáballes coñecer distintos lugares: os seus costumes, a súa gastronomía, as súas paisaxes... polo que os rapaces afixéronse a ter o mesmo costume,só que eles faciano moito máis arriscado, querían vivir aventuras.

Alguén propoñía facer algo e todos a/o seguían. Por exemplo Marta animounos a correr diante dos touros en Pamplona na festa de San Fermín; Mohamed quixo facer de guía turístico guiándoos a través do deserto do Sahara; Olav empeñouse en visitar o polo norte; A orixinal proposta de meterse nun mar cheo de quenllas ocurréuselle a John; atravesar a selva amazónica foi unha idea de Nadia. Isto só por citar algunhas destes "normaliños" feitos que adoitában facer esta panda de amigos.

No mes de decembro foi Lonxi quen tecleou e enviou a seguinte mensaxe:

-Quedamos ás dez e media dentro de tres días en Kandanchu, Nepal - Traede roupa de abrigo -Non traíades molto peso

Lonxi

Ninguén pensou en non acudir á cita. Cada un deles preparou a súa equipaxe e encamiñáronse cara o Nepal.

Segundo ían chegando saudábanse moi ledos. pois estaban moi contentos de verse de novo. Todos eles estaban emocionados fronte ao novo reto.

Ao final chegou Lonxi, moi leda de que estivesen todos alí. De seguido púxoos en coñecemento sobre a nova misión:

- Imos subir ao Himalaia; non vos asustedes, aínda somos demasiado novos para chegar ao cume máis alto, o Everest, por iso escalaremos aquel - sinalando co seu dedo. O cume que vedes alí é moito menos elevado.

As/os mais aceptaron rapidamente o desafío.

Ao día seguinte, moi cedo comezaron a viaxe que parecía ser moi complexa. Ante eles aparecía unha grande montaña, non se vía o cume.

A montaña estaba chea de neve e xeo e tiña inmensos precipicios. Colleron e comezaron a escalada sabendo todos os perigos que poderían atopar, sempre contando coa axuda dun esperto que os guiaba.

Facía moito frio; aínda así seguiron adiante. Ían bastante ben ata que Mohamed lles deu un grande susto ao esvarar e case caer por un precipicio pero Olav, un esperto na neve, axudouno e seguiron de novo.

Á unha e media pararon para xantar, tiñan moita fame polo esforzo que fixeran.

Despois de descansar un anaco continuaron cara o cume. Cerca das sete decidiron montar o campamento para pasar a noite.Todos xuntos puxéronse a contar historias. Lonxi contou a historia dos UYetisn (eran uns seres moi grandes e peludos. En moitas ocasións a xente tiñalles pánico, pero ninguén os vira). A continuación durmiron nas tendas de campaña ,algúns espertaron varias veces moi asustados pensando nos "Yetis".

Pola mañá, despois de recoller, proseguiron escalando. A medida que ían subindo tiñan que facer máis esforzo pois o frío era moi intenso e asi continuou a marcha durante dez días.

Houbo un momento en que pensaron que as forzas lles fallaban e que tiñan que regresar, pero Lonxi animábaos a continuar.Cerca do mediodia do décimo día cubriuse toda a paisaxe cunha mesta néboa que lles impedia ver, asustáronse pero axiña comprobaron que o final estaba moi cerca.

Colléronse todos das mans formando unha cadea e conseguiron continuar ata que de súpeto quedaron abraiados! O sol iluminaba o cume e a néboa xa se desvanecera. A vista era marabillosa pero Lonxi comentoulles que tiñan que baixar antes de que anoltecese, pois o descenso poderia ser moi perigoso.Tardaron soamente tres días en chegar ao pobo. Despois de descansar, moi ledos, cada un volveu á súa casa e seguiron a escribirse preguntándose cal sería o seu próximo reto...

María Santiago Cañizal 1°A

INTERCAMBIO CON ALUMNOS FRANCESES 2006

As estacas do elefante

Ola, chámome Antón e vouvos contar a miña historia.

Todo comezou cando eu a penas tiña 5 anos: un día, meu avó levoume ao circo D do pobo; era a primeira vez que ía polo que me encontraba moi emocionado. No camiño cara o circo imaxinaba unha chea de animais todos eles mostrándolle ao público as súas impresionantes virtudes, pensaba que vería o típico rinoceronte con tutú dos debuxos animados, unha inmensa xirafa e un enorme elefante sacando fotos cos nenos; pero, ao chegar leveime unha desilusión, aqueles animais que esperaba ver estaban alí pero o rinoceronte non tiña tutú senón que estaba nunha gaiola que apenas lle permitía moverse, a xirafa tiña unha cara triste e xemía intentando chamar a atención dalgún dos espectadores para que a sacaran daquel inferno e, encanto ao elefante... alí estaba, amarrado a unha estaca pequena xirando en torno a ela sen facer o mínimo esforzo por escapar.

O camiño de volta do circo foi moito máis triste. Pensaba naqueles animaliños alí presos pero, en especial, unha pregunta xiraba na miña cabeza: aquel elefante por que non escapaba?; co forte que era podería liberarse con facilidade da súa atadura.

Deille varias voltas á pregunta pero non atopei a resposta. Un día, ao chegar ao colexio, expliqueille a un profesor (persoa que cría intelixente) o meu problema e, a súa resposta foi: " Nido, que cosas tienes, los elefantes del circo no escapan porque están amaestrados".

Ao chegar á casa matinei sobre a resposta que o profesor me dera pero decateime de que era incorrecta, xa que un elefante adestrado, que facía amarrado?, se está adestrado non precisa a estaca.

Medrei e, ao longo da miña vida pregunteille esta cuestión a moita xente pero ninguén ma puido resolver.

O día que o meu fillo cumpriu 7 anos leveino ao circo. Estaba tan ilusionado como estivera eu no seu día pero, ao chegar, tivo o mesmo problema ca min. Deulle pena aquel elefante dando voltas arredor da estaca e fíxome a mesma pregunta que eu lle fixera ao meu profesor. Eu non lla puiden resolver, pero un señor que había ao noso lado díxonos: "Ese elefante non escapa porque, cando era pequeno estaba amarrado a unha estaca. Un día intentou escapar e como era feble non puido liberarse. Desde aquel día non o volveu a intentar e, por iso, segue crendo que é demasiado feble para fuxir".

Aquel home deixárame abraiado. Tina a solución a aquel enigma que tanto tempo me levara resolver. O outro día reflexionei sobre aquela resposta e decateime de que o mundo está cheo de estacas das que nos temos que liberar e, o último que debemos facer é rendernos, senón pasaranos o mesmo que ao elefante.

Antía Saá del Río 2°A



Yaiza Pernas Ónega
1.º B

Xan e a filla do Rei

Unha vez, ía eu con meu avó de paseo. Contoúme un conto que me chamou moito a atención, por iso volo quero contar.

"Unha vez a filla dun rei quería casar co home que fose máis listo. Cando se enteiraron no reino, moitos pretendentes se achegaron ata o pazo real. Todos intentaron engaiolar á moza, mais, o tempo foi pasando e ningún o conseguiu.

Nunha aldea, preto da corte, había un rapaz do que todos pensaban que era babeco. Chamábase Xan. Un día decidíu que iría á corte e el casaría coa caprichosa princesa. O seu irmán, que xa o fixera, díxolle que o ían matar. O certo é que se avergoñaba do seu irmán e non quería que deixase en ridículo a súa familia.

Xan deixou moi claro que ía ir, puxérase como se puxera, e ordenoulle que lle preparara unha empanada e a besta, chamada Panda. O irmán, para evitar a vergoña, botoulle un veneno na empanada, a escondidas claro.

Xa estaba de camiño o rapaz, cando lle entrou fame. Colleu a empanada e daquela empezou a matinar sobre o que seu irmán lle dixera. Dubidando de que estivese envelenada, deulla a Panda.

Esta, ao comela, morreu. Por alí apareceron tres leóns que se deron boa conta do cadáver da besta, e comérona. Os tres leóns morreron.

Xan, como non tiña que comer e seguía estando famento, colleu a carabina e dispararoulle a un cervo que por alí pasaba, pero en vez de darlle ao cervo deulle a unha coella preñada. Desconfiando da coella, comeulle as crías, logo de cocelas co lume dun candil, que atopou nunha capela situada no medio do monte.

Días despois do acontecido, chegou (por fin!) á corte. Na mesma porta un cabaleiro preguntoulle:

- Que sabes ti?

Xan contestoulles:

-Pois mire: "A empanada matou a Panda,
Panda matou a tres,
tirei ao que vin e matei o que non vin,
comín carne nova e santa Virxe por nacer,
cocina no pote do Espírito Santo,
adiviñe usté o que pode ser"

Como a filla do rei non foi quen de atinalo, casou con el."

Sabedes vós a resposta ao que dí Xan na súa adiviña.



Perder un tesouro e atopar outro

Xoán era un rapaz ao que lle encantaba xogar, ir de paseo, saír cos amigos,. .. pero o que máis lle gustaba era ir á montaña e xogar na neve.

Aquel inverno, pasara uns días nun apartamento dunha estación de esquí con seus pais. Estaba moi feliz: aprendera a esquiar e gustáralle moito.

Un día sucedeu o que el nunca imaxinara: súa nai, á que el quería tanto, quedara sepultada baixo un alude de neve. Os servizos sanitarios lograron salvar a súa vida pero dende aquela sufría amnesia, non lembraba nada! Mesmo se negaba a vivir coa súa familia e marchou da casa para sempre, xa que non os recoñecía.

Dende aquela, Xoán xa non era o mesmo, non falaba con case ninguén, non ía a ningún lugar cos amigos...

Pasou o tempo e o pai, por fin, un día foi quen de dar convencido a Xoán para que saíse cos seus amigos; estes acordaran xuntarse nun bar con outro grupo de rapaces. Entre eles había unha rapaza coa que, a partires daquela, Xoán estaba sempre; fixéronse mozos e, despois dun tempo, mercaron un piso para viviren xuntos. Xoán volvera a ser coma antes, divertido e alegre.

Paula, que así se chamaba a rapaza, conseguira que Xoán esquecese un pouco o ocorrido aquel día na montaña. Viviron moi ben xuntos; pasados uns anos, casaron e seguiron disfrutando ambos os dous coma cando comezaron a súa relación.

Yaiza Pernas - 1.º E.S.O.



Rocío Fernández Rodríguez
1.º A

ALUMINIOS
"Os Castros" S.L.

Teléfono y Fax: 982 58 60 69
Móvil: 659 93 53 48
Rúa do Colexio, n.º 9
27880 BURELA (Lugo)

REPARACIONES E INSTALACIONES
ELÉCTRICAS, NAVALES,
INDUSTRIALES, DOMÉSTICAS

S.L.
TEHMAR

Teléfonos: 982 58 02 54 (2 líneas)
Móvil: 667 49 39 69
Fax: 982 58 52 47
Avda. da Mariña, 68 - B
27880 BURELA (Lugo)

Animales y Accesorios
FAUNÁ
Peluquería Canina

CENTRO VETERINARIO
URGENCIAS: 609 33 82 85
C/. O Río, 10
Teléfono: **982 58 63 11**
27880 BURELA (Lugo)

ORDOÑEZ
MATERAL DE OFICINA S.L.

Exposición:
Ctra. Viveiro - Ribadeo, Km. 2
CELEIRO

Servicio Técnico:
Teléfono: 982 58 59 44

J. Navia Castrillón, 18
Teléfono: 982 56 01 65
VIVERO

Marqués de Sargadelos, s/n.
Teléfono: 982 58 01 58
Teléfono-Fax: 982 57 51 14
BURELA

SANTOS GALEGOS

SANTOS GALEGOS

No vindeiro ano a Diócese de Mondoñedo-Ferrol vai celebrar o "Ano Xubilar de San Rosendo" con motivo do 1100 aniversario do seu nacemento. Chegado o momento procuraremos falar máis en profundidade desta persoa tan importante da historia de Galicia. Agora o que me anima a escribir unhas liñas para a nosa revista é o desexo de dar a coñecer, de xeito moi resumido, os nosos santos, os nacidos na nosa terra.

PROVINCIA DE LUGO

SAN FROILÁN (S. IX –Lugo-). Sendo moi xove, abandona a casa paterna para vivir como como eremita nas montañas do Cebreiro e do Bierzo. Nos tempos da España musulmana predica a Palabra de Deus. Xunto con San Atilano, monxe coma el, funda varios mosteiros contribuindo á repoboación, á reorganización agrícola e á difusión da cultura. Foi bispo de León. As súas reliquias venéranse nas catedrais de León e Lugo. É o patrón da cidade e da Diócese de Lugo. A súa festividade celébrase o 5 de Outubro.

SAN XOSÉ MARÍA DE SUEGOS (1818-1857) Santa Eulalia de Suegos, Pol). Cursou estudos eclesiásticos en Lugo e Santiago. Foi misioneiro dominico. En Manila (Filipinas) fíxose cargo da cátedra de Humanidades na universidade de Santo Tomás. Foi bispo de Platea e vicario apostólico. Sufriu a persecución contra os cristiáns daquelas terras. Estivo na cadea e foi executado o 20 de Xullo de 1857.

SANTO INOCENCIO CANOURA ARNAU (1887-1934 – Santa Cilla, Foz-). O seu nome de bautismo era Manuel. Foi relixioso pasionista. Ingresou no Mosteiro dos Picos, en Mondoñedo. En 1913 foi ordenado sacerdote en Oviedo. Dedicouse á ensinanza en diferentes centros pasionistas de España. Tamén se dedicaba á predicación do Evanxeo. Morreu fusilado na "Revolución de Asturias", en Turón, o día 9 de Outubro de 1934, xunto a oito relixiosos das Escolas Cristiás. A súa festividade celébrase o 9 de Outubro.

OUTROS SANTOS GALEGOS

SAN PAIO (912-925 –Alveos, Diócese de Tui, Pontevedra-). Foi prisioneiro dos mouros (Abderramán III) e deportado a Córdoba co seu tío Hermixio, bispo de Tui. Por negarse a renunciar á súa fe e resistir ós plans luxuriosos do monarca foi martirizado o 26 de Xuño do ano 925 cando contaba só con 13 anos. En Galicia están adicadas a este santo unhas 50 parroquias. A súa festividade celébrase o 15 de Xuño.

SAN ROSENDO (907-977 -Santo Tirso, inmediacións de Porto). Un dos persoeiros máis importantes do Noroeste hispano ó longo da Alta Idade Media. Foi bispo das dióceses de San Martiño de Mondoñedo e de Iria (Santiago de Compostela). Promoveu a fundación de numerosos mosteiros, sendo a súa fundación emblemática o mosteiro de Celanova (Ourense). Durante as incursións normandas desempeñou o cargo de gobernador de Galicia. Morreu en Celanova o 1 de Marzo do ano 977. É o patrón da Diócese de Mondoñedo-Ferrol. A súa festividade celébrase o 1 de Marzo.

SAN INOCENCIO CANOURA ARNAU
MARTIR PASIONISTA (1887-1934)

SAN PEDRO DE MEZONZO (S. X -Présaras, preto de Curtis, A Coruña-). Foi abade dos mosteiros de Sobrado dos Monxes e de San Paio de Antealtares, en Santiago. No ano 995 é nomeado bispo de Compostela (en tempos da desfeita de Almanzor). Comezou a reconstrucción da Catedral e da cidade de Santiago. Compuxo a "Salve, Raíña", expresión magnífica da fe dun pobo, dos seus anceios, da súa saudade e da súa esperanza. A súa festividade celébrase o 10 de Setembro.

SAN FRANCISCO BLANCO (S. XVI -Santa María de Tameirón, A Gudiña -Ourense-). Estivo no Xapón onde foi prisioneiro. Cando tivo lugar a persecución contra os cristiáns, morreu crucificado con outros 25 compañeiros, relixiosos e leigos, en Nagasaki. Son os protomártires (proto=primeiros) de Cristo no Xapón. A súa festividade celébrase o 5 de Febreiro.

Antón Niñe

Poesías

Mes de Xaneiro

Mes de xaneiro. Vai frío.
Treman as árbores espidas.
A lúa chove no rio.

As sombras das bidueiras,
nos vellos camiños, baixan
beber a lúa ás poceiras.

Alá no meu corazón
roxe a represa de lúa
dos muiños da emoción.

-¡Ai quen puidera afogar
o corazón dolorido
na represa do luar!

Ríos de lúa luiña,
pasou lixeira nadando
unha estrela pequeniña.

Nos caneiros da emoción
annei un día o trasmallo
de seda dunha canción.

Cando o fun desarmar
estaba todo cheiño,
cheo de luz do luar.

Lucía Rivas Ramos
(ex-alumna do I.E.S. Perdouro)

A primavera

Os días vanse alongando,
as noites, en cambio, acurtando,
as árbores botan flores,
que nos regalan os seus olores.

Comeza a ir máis calor,
os paxaros voan ao noso redor,
as bolboretas pasean entre as flores
adórnano todo coas súas cores!

Ás veces loce Lourenzo,
outras, a choiva vennos visitar,
así a primavera vai dando paso,
a un verán que logo ha de chegar.

Os pícaros non queren estudar,
Só queren saír xogar,
XA CHEGOU O BO TEMPO!!
e ganas non hai de traballar.

Lucía O.L.

Rimas e Tons na Lingua

(en acróstico)

Sei que un trilar ascende entre as cinsas,
que breves faíscas estalan en intensos tons de música-lingua,
coma se fosen tríades dun acorde (...),
enxertados nun breve pentegrama.

Altérnanse verbas frías, que compoñen unha lingua feble,
dura, fría, pero... nembargantes; seguirá viva
polo tempo minuto-segundo conxunto
grazas a unha "Negra sombra" de Rosalía, que sempre a asombra.

Voltarán os feitizos, as melodías
para revivir esa verba ferinte, arruinada;
comezando a sentir o feito, a historia galega
a un rexurdir fugaz, pero moi duradeiro.

Non sei se é verdade e efémero dun día
non sei se en realidade voltarei a sentirme escura,
pero nesta lingua viva, voltará para mostrarnos ledicia.

Sei que xorde entre luces,
sei que rimas tolas escriben a historia.
Volta o pensamento: vivo, fugaz e sutil.

Xorde o feito de lembrar
entre leixapréns e refráns,
unhas cantigas medievais
dun tempo inacabábel e belido.

Glebas que xorden nalgúns puntos da terra,
Armadas dun valor ergueito, forte
Lingua viva, rebuldeira, fervendo en risos
Erguéndose cada día nova e xove, con
Grilandas que forman versos-berros para...
Ollar un horizonte avermellado e frío.

Sei que un trilar acende entre as cinsas
dun vello tolo que lembra unha letra rústica
agóchase inesperado entre tons e ninfas,
pois vóltase a escoitar: lingua e música

Lucía Barrera López - 2.º B

Poesías

Primavera

Estamos en días de primavera.
Son días de alegría
de alegría y tristeza,
días de felicidad plena.

Estos días influyen en los sentimientos.
Nuestras hormonas se precipitan por momentos
confundiendo amor con sentimientos
y pensamos que el cariño solo son besos.

Los campos están llenos de momentos,
momentos con sentimientos,
sentimientos confundidos:
una parte se enamora y otra solo quiere el
momento.

Esto YO lo siento, por eso
os transmito este tormento:
espero que nunca confundáis
amor con deseo.

Adrián Pernas
3º ESO-C

Siento dolor
en mi corazón
¿por qué?
no lo sé.
Mi espíritu llora
y mi alma se enoja.
No quiero sufrir
así que tendré
que salir.
Corro sin mirar atrás.
Corro sin saber por qué.
Estoy sola
ante la noche.
La luna me mira y se ríe de mí,
al menos me ilumina
con su haz de destellos
que se reflejan
en un lago
apartado del mundo.
Sigo corriendo
y me detengo.
He visto algo,
algo en la lejanía,
algo que me inspira sabiduría,
algo de otro mundo.
Ya sé lo que es.
Mi corazón palpita,
palpita sonriente.
ÉL es ÉL ¿quién?
Alguien especial.
Es ÉL.
El de mis sueños, pero...
Menos mal
ya me he despertado.

Raquel San José Díaz
3º ESO-C

Poesías

Grupos de gente
caminando de un lado a otro.
Calles donde las razas se
mezclan sin tener importancia,
calles llenas de color
en las cuales
las personas conviven
y no sienten miedo.
¿Por qué iban a tener miedo?
Son personas
y las personas somos todos,
todos somos un grupo
y un grupo es un mundo.
Sí, un mundo
en el que las razas comparten.
O eso creemos.
Robar a los ricos
para dar a los pobres.
¿De qué serviría
si se lo quitan después?
De nada, ya lo sé...
Cada día es un mundo.
Cada día una persona
nueva en nuestro camino.
Será de diferente lugar o raza,
pero tendrá un mismo fin:
Morirá, subirá al "cielo"
y con los demás se quedará.
¿Es igual o no?
Racistas, xenófobos...
Solo ellos saben despreciar
a las personas
de diferente color.
Solo ellos saben intimidar
sin tener compasión.
Solo ellos saben hacer daño,
solo ellos.
Dos palabras que tienen
como fin un solo ideal:
hacer daño.
Pero, ¿por qué les va a importar?
A mí me importa, porque
es como si me estuvieran
Haciendo daño a mí misma
¿o no?
Si alguien no siente lo mismo
es que no tiene corazón.
¿TÚ LO TIENES?

Raquel San José Díaz
3º ESO-C



Ferretería

El Puente

TODO EN FERRETERÍA
TODO PARA EL HOGAR

C/. Rosalía de Castro, n.º 11 - Tlf.: 982 58 05 17 - **BURELA** (Lugo)

C/. Rosalía de Castro, n.º 33 - Tlf. 982 58 56 43 - **BURELA** (Lugo)

ALMACÉN: DAYÁN, s/n. - Tlf. 982 55 75 38 - **CERVO** (Lugo)

A S E S O R Í A
ADMINISTRATIVA

JOMAR

Avda. Arcadio Pardiñas, 135
Entpla. 8 - Edificio Europa
Teléfono y Fax: 982 58 58 26
27880 BURELA (Lugo)
asesoriajomar@infonegocio.com

DE BURELA S.A.

ARMADORES

ABSA

¿Que che parece o Cine?

O cine é un medio de expresión artística, técnica, cultural e social moi axeitado para aproveitar como recurso didáctico na formación integral do alumnado.

Un grupo de profesores do IES Perdouro participou nun curso sobre cine onde se estudiaron basicamente dúas cuestións: 1/ Aprender a ver cine e 2/ Aprender a facer cine.
Sobre o primeiro punto consideramos que é moi importante que nas proxeccións cinematográficas fagamos análises sociolóxicas, socioafectivas, técnico-estéticas, históricas, etc., que nos sirvan para estimular a conciencia crítica do alumnado.

O segundo punto permite coñecer os procesos para a realización dunha película comezando co guión literario, guión técnico, gravación de escenas e montaxe da película.
Nesta parte estimúlase a creatividade e o traballo en equipo.

No IES Perdouro hai medios técnicos suficientes para que nos animemos a realizar unha curta cinematográfica. No futuro é moi posible a formación de un equipo integrado por alumnos e profesores para encarar algún proxecto de cine. E... quén sabe? Ao mellor descubrimos algún director, guionista ou actor que chegue a destacar no mundo do audiovisual.

Nos últimos anos realizáronse avances espectaculares na técnica de vídeo e edición dixital abaratando moito os custos de producción de películas o que posibilita que calquera bo aficionado poida facer traballos interesantes.

Outra motivación para iniciarse no mundo do cine é a facilidade que hai en Galicia para expoñer traballos de curtas ou documentais a través de festivais e concursos. En Viveiro celébrase un concurso anual de curtas; a Televisión Galega e a Consellería de Cultura e Deportes tamén aportan axudas para proxectos de audiovisuais.

Pensa que podes contribuír á normalización cultural con unha ferramenta moi eficaz: a través do mundo do audiovisual.

Prepárate, listo e acción!

Alfredo Llano García

A muralla de Lugo

San Martiño - Foz



Paris - avril 2006

L'Arc du Carrousel

Les jardins du Château de Versailles- Bassin de Latone

OTERO Y PARDEIRO PINTURAS, S.L.

Tfnos.: Móviles: 649 93 49 43 - 649 93 49 44

Rosalía de Castro, 77 - 4.º C
Teléfono: 982 58 57 53
BURELA (Lugo)

Teléfono: 982 16 90 72
ADELÁN - ALFOZ (Lugo)

LA DECORACIÓN DE LA VENTANA

Tlfs.: 982 58 57 53 - 649 93 49 45 - C/. Marqués de Sargadelos, n.º 3 - BURELA

JEALRO, S.L.

CERVO (Lugo)

Tel. 982 55 76 08
Fax 982 55 77 42

Delegación de Viveiro: Teléfono y Fax: 982 57 03 28

A Festa Popular

FEITA POLOS VERDADEIROS PROTAGONISTAS

Un ano máis, como xa vén sendo costume, celebrouse nas inmediacións da praia da Marosa en torno ao día das Letras Galegas -esta vez no fin de semana posterior a esta data e durante dous días- a X edición da festa da Marosa, celebración xa consolidada no calendario de acontecementos de índole cultural na nosa comarca e xa en lugares máis afastados. Lonxe de ir a menos, cada vez o interese polas actuacións musicais e o amplo abano de actos previos aos concertos é maior, como mostra o programa que presentou a organizazón do evento, que como nota distintiva se alargou durante dous días.

Como fiel seguidor, organizador, incansábel colaborador e en definitiva como unha das persoas máis vinculadas á Festa da Marosa desde os seus inicios entrevistamos a Bernardo Penabade Rei, profesor deste instituto e que nos pode dicir todo o que é "gozar co saber do povo" desde dentro.

E:Bernardo, como xurdiu a idea de facer a Festa da Marosa? A quen se lle ocorreu idea ou quen a levou a cabo?

BP: Comezou a facerse por un feliz acaso. Desas cousas imprevisíbeis que pasan na vida. Foi como un xogo. Había un concurso musical en Pontevedra e Manolo Maseda participaba xa daquela nun grupo xeitoso, Fiandola, e era unha pena que non fose probar sorte... Eu díxonlle que, se se presentaba e se conseguía algún premio, a maiores aínda tería outro: actuar nunha festa en Burela. Lembro que xa me chamou desde o mesmo local do concurso e que me dixo: "vaite preparando para comezar a pedir".

E:É obvio que tras esa chamada, Fiandola actuou na festa; pero, cales foron o grupos que se deixaron ver por aquí e cales seleccionarías ti como as actuación memorábeis?

BP: En nove anos levan asistido moitos e moi bos, de toda Galiza e de Asturias. De todos os xeitos, se tivese que seleccionar algúns, sen dúbida escollería a presenza local. Estimular a creación de grupos e dalos a coñecer esa foi a motivación principal para comezar a organizar a festa. É un orgullo que teñan tocado os Fiandola, de Manolo Maseda; os Nordés, formados por xente de Burela; que o Batuko de Tabanka teñan actuado nun grande escenario con Uxía e con Sonia Levedinsky; que a Burela Blues Band presentase a edición do ano pasado... Ver a Manolo Maseda liderando O Diplomáticos, iso xa foi colosal. Para min aínda moito máis importante que o feito de que tivésemos aquí a Jarvanzo Neghro, Lamatumbá ou a Matraca Perversa.

E:Ao igual que moitos festivais deste tipo como o Festival do Mundo Celta de Ortigueira, tivo a Festa da Marosa algún parón algún ano?

BP: Non parou, non. As iniciativas poderosas poden pasar por problemas concretos, mais sempre acaban vencendo os obstáculos.

E: De que depende que esta celebración non pare e nos siga deleitando ano tras ano?

BP: Depende de varios factores. O primeiro e fundamental: que continúe vivo o desexo de o pasar ben, escoitando boa música e disfrutando ao ver no escenario novos artistas, moitos deles compañeiros e amigos. Despois depende das axudas, claro. Das axudas do comercio e tamén das institucións. De ningunha delas temos queixa ningunha. Ao contrario. Fose maior ou menor, sempre fomos tendo apoio, aínda cando non se sabía en que ía derivar.

E: Os inicios débense máis que nada á túa ambición e máis á de Manolo Maseda, quen organizou desde aquela o evento?

BP: Este foi o ano dun novo salto cualitativo. Primeiro organizábamos Manolo e máis eu. Despois foise xuntando máis xente e apareceu o Berbés e agora súmase a Peña Palestina. Isto é fantástico. A festa xuntou un montón de xente en verdadeira irmandade. Incluso temos moitos colaboradores de moi lonxe. De Vigo, de Ourense, de Ferrol. Chegan e póñense ao traballo igual que calquera de nós.

E: Despois destes case dez anos de festa, que cres que se pode facer por mellorala ou por atraer máis xente?

BP: Sempre se pode mellorar. Desde logo, no plano artístico non é fácil. E atraer máis xente... non debera ser unha grande preocupación. Sempre vai habendo entre 2.000 e 2.500 persoas, o que non está nada mal. Podían ser máis? Si. En todo caso, non sería bo que se masificase como outras ou que entrase pola vereda do economicismo cobrando por todo, até por mexar. Ese non é soño da festa. O principal é pasalo ben, nun magnífico lugar pertiño da praia; escoitando boa música con bo ambiente entre o público.

E: Entón pensas que non se pode mellorar?
BP:Pode, claro que si. Por exemplo, pódese mellorar todo o relacionado coa acampada e habería que incrementar a oferta culinaria. Falta buscar un sistema para poder sentar tranquilamente a tomar unhas sardiñas asadas ou unha carne ao caldeiro. Tan grande esforzo artístico, merece outros complementos menos harmónicos pero que tamén son fonte de pracer. Porque aí está a clave da festa: que é unha inmensa fonte de pracer. Iso é o que a mantén viva.

Como se reflicte nesta entrevista, as humildes raíces que se agochan trala festa e o esforzo da xente que a vive fan que non se perdan as boas intencións coas que se creou. É unha demostración da nosa riqueza no eido musical. Este ano máis que nunca ampliouse ás diversas artes, acompañadas de comida, acampada e ambiente festeiro autóctono. Todos eles son ingredientes que se mostran cada ano na zona da Marosa. O resto poñémolo nós, o povo.

Sonia Mendes da Silva
Libertad Fraga Álvarez
David Canto Veiga
2º de Bacharelato "A"

FICCIÓN OU VIDA REAL?

Eran as dúas da tarde cando o carteiro chamou á porta. Traía unha carta urxente ... unha carta que recordaria para sempre.

Era de Marta, unha amiga da infancia. Dende aquela época case non soubera nada dela. Sabía o famoso que se fixera seu irmán grazas ao cine, concretamente ao seu oficio de director, a parte disto, pouco máis. Pero a carta non contiña boas noticias: Marta recibira unha chamada, na que falaba unha voz moi ronca, dicíndolle que non volvería a ver o seu irmán nunca, a non ser que recibiran tres centos mil euros en corenta e oito horas. Seguíame contando que non sabía que facer, estaba moi nerviosa, sen poder chamar á policía por medo ao que puideran facer os secuestradores. Non saíra da casa dende a chamada.

Pedíame axuda, ela non posuía tantos cartos, o único que queria era volver ver o seu irmán xunto a ela. Adxunto coa carta, viña un papel cun enderezo. Supuxen que sería o do seu domicilio e decidín estar con ela nestes duros momentos.

Ao chegar ao lugar indicado, recordei o timído que era seu irmán cando era pequeno e o mal que o pasaba cando alguén sufría.

Abriume a porta ela, estaba totalmente afundida. Contoume todo o que lle acontecera dende que me mandara a carta. Recibira outra chamada, desta vez máis ameazante, pedindo que se entregara hoxe ás dez da noite, no porto deportivo, o diñeiro. Só faltaba media hora! E non dispuña nin da metade! Tiven que consolala, as dúas sentíamos que se non faciamos nada non o volveriamos a ver.

Cando chegamos ao lugar mencionado, dixome que quería falar ela a soas cos secuestradores cando chegaran. Fun dar unha volta, estiven dando voltas polo menos durante cinco minutos ata que algo me chamou a atención. Era un sobre en branco, só dúas palabras no remite: "Estamos grabando"

Cando o abrín atopeime cunha carta escrita polo irmán de Marta. Dicía:

"Para Marta:

Sinto terme que despedir de ti así, mais non sei se te recordas que na miña última película, ao final o personaxe principal morre... Quizais o finxir o secuestro foi mala idea e iso te fixo sentir peor.

Ben, ao final, ás veces, a vida real é a mellor película.

~~SERGIO~~

P. D. Xa saberás onde me atopo. Recorda a película."

Non sabía como contarlle iso a Marta. Chorou desconsoladamente durante moito tempo. Non tíña compaixón. Avisei a policía e despois de contarlles todo o que sabía, Marta pediume que a deixara soa, eu non fun quen de facelo, como ia deixala? Que faría soa? Ela seguiu insistindo, case que me empurrou fóra da súa casa. Decateime de que ás veces as persoas precisamos estar soas, con nós mesmos, sen ninguén ao redor.

Xa na casa pensei o por qué de todo o que ocorrera... pero non o atopei. Na cúspide do éxito e facer agora iso... En fin: ao final a vida real é a mellor película.

Laura Chao Valle (2.º ESO)

Manuel Lugrís Freire

Manuel Lugrís Freire naceu en Sada en 1863 e con vinte anos emigrou a Cuba. Na Habana foi elixido membro da xunta directiva do Centro Galego e fundou e dirixiu o primeiro xornal americano redixido totalmente en galego: *A gaita gallega* (1885-1889). Alí publicou o seu primeiro poemario (*Soidades*, 1894), prologado por Curros Enríquez, e escribiu a súa primeira obra dramática: *A costureira da aldea*. De volta á Galiza en 1896, instalouse na Coruña e proseguiu o cultivo da literatura, editando en 1901 *Noitebras*.

Relacionado cos rexionalistas herculinos, Lugrís tomou parte en todas as actividades galeguistas da altura. Así, foi o primeiro en utilizar nun mitin a lingua galega e figurou entre os patrocinadores da **Escola Rexional de Declamación** (1903), da que sería presidente. Desde este momento, a maior preocupación de Lugrís foi a de fornecer de textos á nova entidade, todos eles cunha forte carga reivindicativa e rompedores co costumismo imperante. Tras a presentación da Escola cunha peza de Salinas, a totalidade dos espectáculos realizados polo cadro contaron con títulos da súa autoría: *A Ponte* (1903), *Minia* (1904) e *Mareiras* (1904). Alén de figurar como o primeiro escritor teatral en utilizar a prosa, é o máximo representante do teatro social ou de tese.



Porén, Lugrís deixaría definitivamente o teatro e retomaría a creación poética. Tamén asinou (co pseudónimo Asieumedre) numerosos relatos breves que serían compilados en 1909 no volume *Contos de Asieumedre* e aínda publicaría unha *Gramática do idioma galego* (1922).

En 1923 ingresou no **Seminario de Estudos Galegos** cun discurso sobre Pondal. A **Real Academia** nomeouno presidente en 1934, posto ao que renunciaría un ano máis tarde por problemas de saúde. Nesa década, colaborou, así mesmo, na redacción do anteproxecto do Estatuto de Autonomía.

Tras o conflito bélico, que provocou a persecución da actividade galeguista, Manuel Lugrís morreu na Coruña en 1940.

Cronobiografía

1863 12 de febreiro: Manuel Lugrís nace na vila de Sada.

1880 Escribe Nociones generales de mitología. Comeza a traballar como escribán en Oleiros.

1883 Emigra a Cuba, instalándose na Habana. Colabora con El Eco de Galicia, onde publica o seu primeiro poema Nostalxia e asinará diversos textos co alcuño de Asieumedre.

1884 Entra a formar parte da Xunta Directiva do Centro Galego da Habana como vogal. Escribe *O penedo do crime. Lenda das Mariñas*, a súa primeira novela por entregas en El Eco de Galicia. Escribe e le en público a peza teatral en verso *A costureira d'Aldea.*

Cronobiografía

1885 5 de xullo: Funda, xunto con Ramón Armada Teixeiro, *A Gaita Gallega*, primeiro xornal da emigración publicado en lingua galega.
1889 Ensaia e representa, *A costureira d'Aldea* que se estrea na Habana.
1886 Colabora de xeito habitual en *A Galicia Moderna* onde atende a sección "Gallegos de por acó".
1894 Publica o seu libro de Poemas *Soidades* (versos en gallego), cun limiar de Manuel Curros Enríquez. Manuel Lugrís implícase na organización da homenaxe a Curros que se organiza na Habana.
1896 Retorna a Galicia xunto coa súa muller, Concepción Orta Iglesias. Promove a creación da Liga Gallega formando parte da súa Comisión Directiva xunto con Salvador Golpe Varela e Euxenio Carré Aldao.
1897 Relaciónase coa intelectualidade coruñesa a través da Cova Céltica. Comeza unha xeira de colaboracións críticas en Revista Gallega.
1899 No acto de homenaxe aos Mártires de Carral, o 23 de abril, Lugrís Freire utiliza por primeira vez o galego nun discurso público. Morre a súa dona Concepción Orta.
1901 Publica *Noitebras*, o seu segundo poemario, dedicado á súa muller falecida.
1902 É un dos fundadores da **Escola Rexional de Declamación**, da que chega a ser presidente. Casa en segunda nupcias con Pura González Varela, mestra de piano na Escola Normal de Maxisterio da Coruña. Nace o seu fillo Manuel.
1903 Primeira representación pública da Escola Rexional de Declamación, que estrea *A Ponte. É un* dos fundadores da Asociación da Prensa da Coruña.
1904 Participa cos rexionalistas coruñeses na inauguración do monumento aos Mártires de Carral. Estrea os seus dramas Minia e Mareiras. Le poemas seus na coroación poética de Curros Enriquez (21 de novembro).
1905 Nacen os seus fillos Secundino e María do Pilar. Disólvese a Escola Rexional de Declamación É un dos fundadores da Real Academia Galega.
1906 É elixido presidente da Liga Gallega. Estrea o drama Esclavitú que será publicado en 1910. Participa na constitución da Real Academia Galega (4 de setembro). Crea con Rodrigo Sanz o sindicato agrario Solidaridad Gallega.
1907 Colabora asiduamente cos medios de expresión da organización **Galicia Solidaria** e con **A Nosa Terra**. Pronuncia o primeiro mitin politico en galego o 6 de outubro. Comeza a súa colaboración con A Nosa Terra. Nace o seu fillo Urbano.
1908 Aparece unha primera edici6n dos Contos de Asieumedre, algúns deles publicados con anterioridade na prensa.
1909 Nace a súa filla Purificación. Publica unha nova versión dos Contos de Asieumedre que reúne 28 relatos.
1910 Resulta elixido vicepresidente do Centro Solidario da Coruña. Participa na Asemblea Agraria de Monforte. Estrea Esclavitú.
1912 Disólvese Solidaridad Gallega.
1913 Achégase ás posicións republicanas e frecuenta o Casino Republicano.
1916 Participa na constitución da Irmandade da Fala da Coruña, para quen comporá a letra do seu himno. Presenta en público a súa comedia O pazo que se publicará en 1917 e se estreará en Vigo. Escribe dous breves sainetes: Irporlan e La ofrenda, o los folletos verdes de don Pepiño.
1917 Implícase activamente no labor propagandístico das Irmandades da Fala.
1918 Comeza a colaborar co suplemento "Nós" do xornal El Noroeste.
1919 Publica Versos de loita. Estrea a súa peza teatral *Estadeíña*.
1920 Colabora con Acción Coruñesa.

Cronobiografía

1922 Publica a Gramática do idioma galego. Entra a formar parte do Consello de Redacción de A Nosa Terra.

1923 (20 de novembro) Ingresa no Seminario de Estudos Galegos cun discurso arredor da figura de Pondal.

1924 Protagoniza a homenaxe que a RAG lle rende na Coruña a Luís de Camoes no cuarto centenario do seu nacemento. Adapta ao galego a ópera Maruxa de Vives e Frutos.

1926 Ingresa na loxa masónica Suevia número 4. Participa na homenaxe que o Seminario de Estudos Galegos lle rende a Carolina Michaelis de Vasconcelos.



1927 Publica o poemario *Ardencias*.

1928 Publica *As Mariñas* de Sada.

1929 Funda, xunto con Vilar Ponte, Victor Casas, Emilio González López e Casares Quiroga, a Organización Republicana Galega Autónoma (ORGA).

1930 A Sociedade Sada y sus contornos organiza unha homenaxe a Lugrís na súa vila natal. Participa na redacción do Programa do Partido Autonomista Republicano Agrario.

1931 (4 de decembro) Ingresa no Partido Galeguista no que será membro do seu Consello Executivo. Publícase a segunda edición de Gramática do Idioma Galego.

1932 Representa o Partido Galeguista na redacción do anteproxecto do Estatuto de Autonomía. Participa con Castelao nun mitin en Mabegondo.

1934 (28 de abril) É nomeado presidente da Real Academia Galega na remuda de Eladio Rodríguez González.

1935 Participa como presidente da Real Academia Galega na homenaxe a Manuel Curros Enríquez. Renuncia á presidencia da Real Academia por motivos de saúde. Prepara a edición de Queixumes dos pinos e poesías inéditas de Eduardo Pondal.

1936 Participa na campaña a prol do Estatuto de Autonomía. Tras o golpe de Estado vese obrigado a abandonar toda actividade pública.

1940 (15 de febreiro) Morre na Coruña e é soterrado no camposanto de Santo Amaro desta cidade.

Equipo de Normalización Lingüística

BVG

Biblioteca Virtual Galega

www.bvg.udc.es

O CONTINENTE DO XEO

No mes de marzo os alumnos de Ciencias recibimos unha exposición sobre a Antártida; que tivo como obxectivo concienciarnos sobre a problemática medioambiental que está a sufrir este continente. Nós non puidemos disfrutar do traballo "in situ" que este periodista levou a cabo; pero intentou e conseguiu achegarnos á súa vivencia e á súa grande aventura a través dos Andes, Patagonia e Antártida.

Imos comezar polo seu nome: Antártida, do grego "antarktikos", "oposto ao ártico". Está situado no polo sur, ten forma circular, duns 4500 km de diámetro con dous entrantes que forman unha península. É o continente máis elevado do mundo e o terceiro máis grande e ten un contido do 80% da auga doce do planeta.

Neste continente impera o clima polar, onde a temperatura promedio do mes máis cálido non supera os 0°C. Estas baixas temperaturas non só se deben á súa ubicación na zona polar, senón á súa grande altura media e á pouca radiación solar que recibe, da que o 80%-90% é reflexada polo xeo.

Sabiades que nos días de verán o continente Antártico ten unha superficie duns 14 millóns de km^2; pero que en inverno este aumenta ata os 30 millóns de km^2? Isto débese a que a auga se desconxela e, por lóxica, ao conxelarse aumenta o seu tamaño.

No que se refire á flora e á fauna son escasas, xa que as condicións climatolóxicas son extremas e adversas. En canto á flora só podemos atopar algas, liques e musgos. No tocante á fauna soamente o pingüin emperador é capaz de vivir todo o ano dentro do continente grazas á súa capacidade de adaptación que lle permite a supervivencia. Outros animais como as focas, os leóns mariños. . . emigran en inverno e en verán atópanse nas zonas costeiras.

A Antártida é un continente deshabitado no que soamente hai estacións científicas para a investigación e desenvolvemento e unha posterior divulgación.

Somos conscientes de que o quentamento global, producido na súa maioría pola queima de combustibles fósiles, está acelerando a desconxelación deste continente e afectando ao resto do mundo; pero tamén influíndo na súa dinámica natural, posto que un desxeo produce unha baixa de salinidade o cal modifica as cadeas tróficas, xa que determinadas especies como é o krill (base alimentaria dos demais animais) necesitan unha determinada salinidade. A morte del provocaría o perigo de extinción doutras especies.

A nosa reflexión final é que cada un de nós contribuímos dalgún xeito á contaminación e tamén ao quentamento global. Cambiando a nosa actitude podemos influír, aínda que con pequenas aportacións na conservación da natureza e na mellora da calidade de vida das vindeiras xeracións, polo menos entregarlles este planeta tal e como nós o collemos.

Pero, como facer e como privarnos de moitas cousas ás que nos acostumaron, estando metidos no círculo vicioso do consumismo? Nós non sabemos a resposta pero sí nos gustaría que a xente recapacitara e que alguén fose capaz de que a natureza non se siga deteriorando e que moitos lugares de suma importancia para a vida do planeta seguiran intactos na medida do posible.

Alumnos de Ciencias Medioambientais e da Saúde
3.º ESO

TECNOLOGÍA ELECTRÓNICA
DE COMUNICACIONES Y NAVEGACIÓN, S. L.

TECNAV, S.L.®

C./ Curros Enríquez, nº 12 - 27880 BURELA (LUGO)
Teléfono: 982 58 10 31 fax. 982 58 13 12
E-mail: Tecnav@tecnav.es

FURUNO®
ELECTRÓNICA MARINA PROFESIONAL



academia reyes
centro de formación

CURSOS
@ mantemento do pc
@ redes de área local
@ sistemas operativos
@ programación
@ deseño web
@ ofimática
@ internet
@ deseño gráfico
@ vídeo dixital
@ autocad
@ mecanografía
@ contabilidade
@ nóminas
@ facturación
@ cursos especiais para nenos
@ cursos a medida para empresas

@ matrícula gratuíta
@ cursos personalizados
@ grupos reducidos
@ ordenador por alumno
@ horarios flexibles
@ diploma acreditativo
@ aula de prácticas gratuítas

Rúa Emilia Pardo Bazán, nº 30 - Burela
982 58 12 48 - 616 58 39 04
academiareyes@terra.es

informática piqueras
venta de equipos informáticos
servicio técnico

Rúa Emilia Pardo Bazán, nº 30 - Burela
982 58 12 48 - 616 58 39 04
miguelpiqueras@terra.es

O TABACO

En España, igual que noutros países deserolados, o tabaquismo é a primeira causa aislada da mortalidade e morbilidade evitable. A evidencia cientifica sobre os riscos que conleva o consumo de tabaco para a saúde da poboación é concluinte.

Estímase, segundo os datos da Organización Mundial da Saúde (OMS), que o consumo de tabaco é responsable do 90% da mortalidade por cáncer de pulmón, do 95% das mortes por enfermidade pulmonar obstructiva crónica, do 50% da mortalidade cardiovascular e do 30% das mortes que se producen por calquera tipo de cáncer. En España, falece cada ano, como consecuencia do consumo de tabaco, un número de persoas que representa o 16% de todas as mortes ocorridas na poboación maior de 35 anos. Asi mesmo, hai evidencias científicas de que o fume do tabaco no ambiente (consumo pasivo ou involuntario do tabaco) é causa de mortalidade, enfermidade e discapacidade. A Axencia Internacional de Investigación do Cáncer da OMS determinou que a exposición ao aire contaminado con fume do tabaco é carcinoconxénica nos seres humanos.

O consumo de tabaco, como factor determinante de diferentes patoloxías e como causa coñecida de morte e de importantes problemas sociosanitarios, constitúe un dos principais problemas para a saúde pública. De aí, pois, a necesidade de implantar medidas dirixidas á prevención, limitar a súa oferta e demanda e regular a súa publicidade, promoción e patrocíneo.

As condicións expostas fan necesaria a adopción de novas medidas nunha dobre dirección. Por un lado, aquelas que inciden sobre o consumo e a venta, co aumento dos espazos sen fume, a limitación de disponibilidade e accesibilidade aos productos do tabaco, especialmente aos máis xóvenes e a garantia do dereito da poboación non fumadora a respirar aire non contaminado polo fume do tabaco, prevalece sobre o das persoas fumadoras. Resulta oportuno e necesario introducir novas medidas na venta e consumo de tabaco para subsanar as limitacións e deficiencias da lexislación existente que co paso do tempo, a progresiva evidencia científica, a maior sensibilización e concienciación social, a proliferación e diversificación das estratexias de venta e promoción dos produtos do tabaco puxéronse de manifesto.

Por outro lado, as medidas relativas á publicidade e promoción dos produtos do tabaco, xa sexa directa ou indirecta, e o patrocinio de diferentes actividades, teñen unha probada influencia sobre as conductas persoais e os ámbitos sociais, polo que se converten nun claro elemento de inducción e favorecemento do seu consumo, especialmente no ámbito infantil e xuvenil; por iso faise necesario incidir limitativamente en todas as clases e medios de publicidade, xa sexan impresos, radiofónicos, televisivos, electrónicos ou cinematográficos.

Se o establecemento de espazos sen fume é unha actuación prioritaria de protección da saúde para a poboación en xeral, tamén o é, en maior medida, no caso dos menores. Cabe sinalar a importancia do papel modélico dos profesionais docentes e sanitarios, no seu labor educativo, de sensibilización, concienciación e prevención, fomentando modos de vida sen tabaco.

Co mesmo obxectivo, a prohibición da publicidade directa ou indirecta e o patrocinio dos produtos do tabaco representa unha das principias medidas de protección, dirixidas á infancia e á xuventude e pon de manifesto a responsabilidade dun producto que xera adicción, discapacidade, enfermidade e morte.

Non se pode descoñecer, polo demais, que o fenómeno do tabaquismo non se manifesta de igual maneira en homes e mulleres. Advertíronse grandes diferenzas tanto nas causas que inciden no inicio do consumo, nas mesmas pautas do consumo, no tratamento da adicción, na resposta aos tratamentos, na dificultade de abandono e nas taxas de recaída e, é evidente, o maior impacto negativo para a saúde das mulleres.

É por iso polo que se fai necesario contemplar a perspectiva de xénero en todas e cada unha das

estratexias que de desenrolen para a abordaxe do tabaquismo, co obxectivo de eliminar aqueles factores que propician unha situación desigual de oportunidades para gozar de saúde,discapacitarse ou morrer por causas previbles.

Por outra parte, a interacción coa especial fisoloxía das mulleres e os procesos reproductivos engádelles uns riscos específicos. Hai varias décadas que se coñece a nicotina e o dióxido de carbono. Durante o embarazo son responsables dunha maior propensión ao aborto espontáneo e á mortalidade perinatal, así como unha reducción do peso do recén nacido. A exposición da muller xestante como fumadora pasiva ao fume do tabaco presente no ambiente, provoca a nocividade sobre o feto.

Por todo o exposto, faise aconsellable a promulgación dunha norma xeral que sistematice a regulación e que o seu rango sexa adecuado á finalidade pretendida, para o que se optou pola forma de lei.

A Lei articúlase en cinco capítulos:

O capítulo I conságrase ás disposicións xerais, delimita o obxecto e aclara, en forma de definicións, os conceptos fundamentais que se conteñen na Lei.

O capítulo II regula as limitacións á venda, subministro e consumo dos produtos do tabaco. En canto ás limitacións á venda e subministro, a Lei, en perfecta concordancia coa normativa que disciplina o mercado de tabacos, dispón que a venda e o subministro ao por menor de produtos do tabaco, só se poderá realizar na rede de expendedurías de tabaco e timbre ou a través de máquinas expendedoras que conten coas autorizacións administrativas oportunas, polo que queda expresamente prohibido en calquera outro lugar ou medio.

Ademais, prohíbese vender ou entregar a persoas menores de dezaoito anos produtos do tabaco, así como calquera outro produto que o imite e induza a fumar. Igualmente, prohíbese a venda de tabaco e subministro en determinados lugares, tais como centros e dependencias das Administracións públicas e entidades de dereito público, centros sanitarios ou de servizos sociais e as súas dependencias, centros docentes, centros culturais, centros e instalacións deportivas, centros de adaptación e ocio dos menores de idade, así como en calquera outro lugar, centro ou establecemento onde estea prohibido o seu consumo.

En canto ás limitacións sobre o consumo, a Lei parte da distinción entre lugares onde se establece a prohibición total de fumar e lugares onde se prohibe fumar, pero permítese a habilitación de zonas para fumar, sempre que se cumpran determinados requisitos, tais como unha sinalización adecuada, a separación física do resto das dependencias e a dotación de sistemas de ventilación.

No capítulo III, a Lei regula a prohibición da distribución gratuíta ou promocional de produtos, bens ou servizos ou calquera outra actuación que o obxectivo ou o efecto directo ou indirecto, primario ou secundario, sexa a promoción dun produto do tabaco, así como da de toda clase de publicidade, promoción ou patrocínio dos produtos do tabaco en todos os medios, incluídos os servizos da sociedade de información, aínda que con determinadas excepcións.

Este capítulo complétase con normas sobre as denominacións comúns, expresión coa que se identifica aos nomes, marcas, símbolos ou calquera outros signos distintivos que sexan utilizados para produtos do tabaco e, simultaneamente, para outros bens e servizos que fosen comercializados ou ofrecidos por unha empresa con anterioridade á entrada en vigor da Lei.

O capítulo IV incorpora medidas de prevención do tabaquismo, impulsando accións de educación para a saúde e de información sanitaria.

Tamén recolle a promoción de programas para a deshabituación tabáquica na rede asistencial do Sistema Nacional de Saúde.

Créase o observatorio para a Prevención do Tabaquismo, así como as necesarias medidas de coordinación no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde para o mellor cumprimento da Lei.

A Lei complétase cun preciso réxime de infraccións e sancións no capítulo V, no que tipifica as correspondentes condutas contrarias á norma.

Todas estas medidas, enmarcadas no contexto das políticas de saúde pública que as Administracións públicas deben promover, poderán completarse con programas de prevención e control do tabaquismo.

IRIA FDEZ. MOSCOSO 3° A

Aniversario de MOZART

Mozart naceu en Salzburgo o 27 de Xaneiro de 1756. O seu pai, Leopoldo Mozart, tamén compositor, foi o seu mestre e educador musical, aconsellouno e promocionouno artisticamente na súa nenez, sempre nun entorno familiar moi musical.

Con 6 anos recén cumpridos, o seu pai levouno de xira por Europa, onde alcanzou un grande éxito. Linz, París, Munich, Viena... viron pasar o neno prodixio que se ía instruindo grazas aos seus encontros cos compositores clásicos máis afamados, coma Johann Christian Bach. Tras compoñer aos 8 anos a súa primeira sinfonía, con once compuxo un oratorio e un drama. Pouco a pouco estábase consolidando tras unha grande educación musical na que ía ser un dos maiores xenios da historia.

En 1767 estableceuse en Viena, e alí comezou a escribir unha misa solemne, varias sinfonías, algúns lieder, e sobre todo, empeza a cultivar o xénero operístico que levaría a culminar en pouco tempo ata as súas cotas máis altas.

Mozart quixo seguir viaxando. Para isto pedíu permiso ao arcebispo e a cambio encontrouse con que o despedía do seu traballo. Mentres, o seu pai quedouse na cidade para poder recuperar o posto para o seu fillo; así Mozart fixo a súa viaxe: A París (1777) e a Italia onde estreou varias operas. A pesar do seu desexo, Mozart non puido quedarse en París, xa que alí reinaban aínda os gustos escénicos propios, os compositores franceses, ademáis de que nese mesmo ano faleceu a súa nai que o acompanaba. Por isto, tras 16 meses, volveu a Salzburgo, onde seguiu as ordes do arcebispo grazas á intermediación do seu pai Leopold.

O éxito das súas primeiras óperas conseguíu sacar a Mozart de alí e levalo ata Viena como músico libre, onde casou en 1982 con Constance Weber, a irmá da que fora o amor da súa xuventude de compositor. Pero os problemas de saúde de ambos faríanlles vivir en precariedade de saúde durante o resto das súas vidas, a pesar de que lle sobraban alumnos, concertos, composicións, encargos do emperador José II...

Pese ás adversidades, Mozart seguía escribindo partituras: Óperas coma "Don Giovanni", "As Bodas De Fígaro" e "Cosí fan tutte" en italiano; e en alemán "El rapto del Serrallo" e "Idomeneo en Creta". Ademais compuxo ao longo da súa vida 41 sinfonías, concertos para violín, oratorios, cantatas e diversos concertos para corda, vento e piano que o levaron polas máis importantes cidades europeas.

Logo chegaría o último ano da súa corta vida (1791). Nese ano, a pesar de estar enfermo e cheo de débedas, adicouse a escribir partituras febrilmente. Tras estrear "A flauta máxica" e a "Clemencia di Tito" (30 e 6 de setembro dese mesmo ano), Mozart comezou a traballar nun encargo que unha persoa descoñecida lle fixera: Un Réquiem. Aínda que Mozart pensou que esa persoa era en realidade unha voz que lle anunciaba a súa propia morte, parece ser que foi o Conde Walsseg quen lla encargou a escondidas para podela estrear como súa propia.

Así, Mozart falece o 5 de Decembro de 1791 deixando a que chegaría a ser unha das máis belas composicións da historia sen rematar. O seu discípulo Süssmayr foi o encargado de completar a partitura. Mozart foi soterrado nunha fosa común, sen que acudise ninguén.

Miguel Angel Casariego
Luis Manuel Otero
2.° A

Oficinas Administrativas Lourenzá, C.B.

Avda. de Mondoñedo, 1
27760 LOURENZÁ
Teléfono: 982 121 229 - 982 122 007

Asesoría Fiscal y Laboral
Seguros

Gráficas ARFE

C/. O Río, 10
27880 BURELA
Teléfono y Fax: **982 580 504**
arfe@pymega.net

A túa imprenta

BULLYING OU VIOLENCIA?

Despois de meses observando diferentes e reiteradas agresións no noso centro, decidimos que isto se coñecese. Queremos explicar os tipos de conflitividade que se dan neste instituto.

Cando falamos de "violencia" referímonos a situacións puntuais, sexa entre o alumnado, do alumnado ao profesorado ou do profesorado ao alumnado, mentres que o "acoso" ou "bullying" supón a reiteración dirixida das agresións.

Os resultados que podedes ver a continuación son simplemente froito da vosa colaboración ao realizar as enquisas que vos propuxemos. Estas están feitas sobre un total de 167 alumnos/as.

Nós o que fixemos foi mostrar as vosas respostas (foron sinceras? foron serias?).

Intentamos ser o máis obxectivos posible para que este problema que nos afecta directamente non quede na sombra.

1.º e 2.º ESO

Pretendemos mostrar o máis fielmente posible os datos de 1º e 2º da ESO nas enquisas. En ambos os dous cursos case non se aprecian moitas diferenzas. Máis da metade dos alumnos deste ciclo cren que non son un grupo moi unido. Concretamente o 66% en 1º e o 52% en 2º; o 13% en 1º e o 23% en 2º non se leva ben coa maioría dos seus compañeiros.

A pesar de que máis do 74% en 1º e o 60% en 2º ten seis ou máis amigos no instituto, é preocupante o feito de que até o 24% se sentiu só no recreo algunha vez.

O 38% en 1º e o 12% en 2º asegura que se aproveitan do seu traballo na clase; o 30% en 1º e o 58% en 2º admite que o critican por calquera cousa, sobre todo a través de alcumes (49% en 1º e 31% en 2º).

Un 20% en 1º e un 3% en 2º son intimidados algunha vez! Aínda que todos aseguran que non se produce con frecuencia, case na metade dos casos as intimidacións danse por un grupo de rapaces e sóense producir tanto na clase como no patio ou una rúa. No 59% das ocasións en 1º e no 25% en 2º, ninguén tenta parar estas situacións; nestes casos, un 28% en 1º e un 40% en 2º tampouco falaría con ninguén do seu entorno.

Case a metade dos enquisados asegura ser capaz de intimidar a algún dos seus compañeiros. Tanto en 1º coma en 2º recoñecen que si o fixeran.

Os motivos dos acosos son para responder a unha provocación, por molestar ou por gastar unha broma, aínda que máis da metade o fai por deixar en ridículo o seu compañeiro/a.

As intimidacións producense, en 1º nun 65% e en 2º nun 86%, en contadas ocasións; case un 20% dos alumnos nos dous cursos participaron algunha vez nestes actos de intimidación e, o que é máis grave aínda, o 43% en 1º e o 34% en 2º pasa do tema ou parécelle ben que se dean estes casos.
O mesmo responden cando lles preguntamos se este problema se pode solucionar: ata un 30% dos enquisados di que non se pode facer nada.

Despois de comparar os datos entre 1º e 2º da ESO, puidemos observar claras diferenzas. En 1º dáse moita máis conflitividade que en 2º; por exemplo, a porcentaxe de alumnos intimidados é un 15% máis alta en 1º ca en 2º; porén no 1º curso senten máis medo ou temor a falar destes temas con alguén ou tentan poñerlle fin a estas situacións.

3.º ESO

Sobre un total de 47 alumnos enquisados de 3º, os resultados obtidos foron pouco esperanzadores.

Destaca o feito de que o 40% dos alumnos opina que non son un grupo moi unido e o 46% afirma que non se leva ben cos seus compañeiros, ou simplemente non se leva. Isto pode influír en que até un 22% se sente só nos recreos.

O grao de inseguridade que mostran os alumnos destes cursos, polos resultados obtidos, é moi elevado; por exemplo, un 33% é criticado polos seus compañeiros con calquera escusa.

Estas intimidacións ou maltratos non só afectan ao relacionado coa convivencia senón que estes acosos chegan máis aló do dito antes. Podémolo constatar xa que un 13% afirma que moitas veces foi intimidado ou maltratado por algún dos seus compañeiros. O máis impactante é o feito de que até un 45% sería capaz de intimidar a alguén. De feito, un 30% foi intimidado nalgunha ocasión.

Por último, pero non menos importante, cabe destacar esta preocupante afirmación: un 20% dos enquisados asegura que as intimidacións se producen MOITAS VECES no seu centro.

Atrezzo Café

C/. Pardo Bazán, 7
Teléfono: 982 58 60 40
27880 BURELA (Lugo)

Cervecería La Bodeguilla Jamonería

C/. Plaza da Mariña, 1
Teléfono: 982 58 63 06
27880 BURELA (Lugo)

4.º ESO

Despois de enquisar os 42 alumnos de 4º de ESO podemos mostrarvos os seguintes resultados. Ti mesmo podes sacar as conclusións!!

Un 40%, é dicir, case a metade do curso, opina que, a pesar de compartir cinco horas diarias cos compañeiros, non son un grupo moi unido. Aínda que non é que se leven mal (un 80% afirma levarse ben) case a metade asegura non chegar a ter nin 5 bos amigos.

Podemos afirmar que a vida dun estudante é máis dura do que se poida pensar xa que moitos dos rapaces se senten acosados polas críticas dos seus compañeiros (até un 50%), sen nomear as intimidacións e maltrados, que poden chegar até o 20%.

Pero máis preocupante é que o 10% destes acosos se produce en repetidas ocasións dentro do centro, baixo a mirada dalgún profesor; noutros casos estas situacións son detidas por outro compañeiro ou simplemente non se deteñen.

Este fenómeno prodúcese por provocacións, diferenzas entre alumnos, por gastar unha broma ou simplemente polo feito de que o intimidado é máis débil.

Tamén chama a atención que ata un 52% dos enquisados sería capaz nalgún momento de intimidar os seus compañeiros.

A pesar destes pesimistas resultados, a maior parte do alumnado está de acordo con que este problema de intimidacións e acoso escolar ten que chegar á súa fin.

CONCLUSIÓN FINAL DO ESTUDO

Que pensas do dito anteriormente? Ides esperar a que sexa demasiado tarde?

Despois de ver estes casos de agresividade no centro, tan próximos a vós, cremos que agora é cando máis se precisa da vosa axuda e do voso interese para acabar con este tipo de violencia, tanto verbal coma física. Estes maltratos, aínda que a primeira vista non parezan graves, poden ter serias consecuencias nestas etapas de adolescencia e poden chegar a formar unha persoa totalmente diferente da que sería se non tivese sufrido estes acosos.

Agora vós sodes os que decidides.

Traballo feito polos alumnos/as de 1º Bacharelato:
ISMAEL GARCÍA
ANTÍA GONZÁLEZ
LUIS MOURELLE
OFELIA RÍO
SILVIA OTERO



ANGIE MATEOS GUERRERO - 1.º B



AIDA

Xesús Bal y Gay

O 23 de Xuño de 2005 cumpriuse o centenario do nacemento de Xesus Bal y Gal, un dos grandes galegos da historia musical española.

Xesús Bal y Gay naceu en Lugo en 1905 e foi un dos representantes da Xeración do 27, ademais o seu nome está ligado a grandes de grandes galegos como Eduardo Blanco Amor, Luís Seoane entre moitos outros. Durante case trinta anos residiu en México, onde fundou A Casa de España coa finalidade de que os intelectuais puideran desenvover o seu labor no exilio.

A sua vocación académica e o interese pola música levouno á Residencia de Estudiantes onde comezou a ser membro do Seminario de Estudos Galegos. En 1928 por encargo da Xunta para a Ampliación de Estudos de Madrid comezou os traballos para a formación dun "Cancioneiro Galego" o cal rematou á volta do seu exilio e foi editado en 1973.

Xesus ocupou un lugar pnvilexiado como cronista de xeración e intelectuais da República: tanto na súa vertente madrileña como na sua faceta de definición dun galeguismo progresista e de vangarda xunto aos tamén galegos Luís Pimentel, Rodríguez Castelao, Luís Seoane e Rafael Dieste.

Bal y Gay coñeceu a que despois seria a súa muller na Residencia de Estudiantes, a pianista Rosa García Ascot. Xuntos en México abriron unha galería de arte que foi un punto de encontro para grandes músicos e artistas entre os que destacou Igor Strawinsly con quen a parella compartiu opinión sobre o contexto musical e o panorama político de Europa. Durante a sua estancia en México foi nomeado xefe de Sección de Investigacións Musicais do Instituto de Belas Artes mexicano e en 1959 encárgaselle os cursos de apreciación musical da mesma universidade. Foi nomeado director do programa musical de Radio Universidade no ano 1961, o mesmo ano no que decide voltar a España; onde morre o 3 de marzo de 1993.

A distancia e o silencio foron borrando en España o perfil da sua figura e a súa mensaxe como músico e como intelectual da súa xeración. Queda por sacar á luz a memoria histórica dos seus escritos e unha rica correspondencia e os especialistas que viviron na súa persoa e nos seus escritos unha síntese certeira da chamada Idade de prata da cultura española. Malia que volveu a España e que foi apoiado por numerosas amigos, intelectuais e xornalistas, xa non foi posible, non obstante, recuperar plenanamente a súa figura, agás en contadas ocasións nas que se deixou ver en homenaxes, nalgunha estrea e en actividades relacionadas coa Residencia de Estudiantes

- OBRAS -

A súa producción musical componse na súa maior parte en México. Estas son algunhas das súas obras:

- Suite para orquesstra (1931)
- Tres pezas para gran orquestra
- Sonata para clarinete e piano (1965)
- Catro pezas para canto e piano, con poemas de Emitio Prados, Juan Ramón Jiménez e Rafael Alberti.

Departamento de Música

INSTALACIONES
A. TROBO, S.L.

27880 BURELA
Teléfonos: 982 58 00 63
670 06 35 36
Fax: 982 58 63 85
José M.ª González Río, 10

- INSTALACIONES INDUSTRIALES
- INSTALACIONES: FONTANERÍA - CALEFACCIÓN - GAS
- INSTALADOR DE PRODUCTOS: Roca, Saunier Duval, Vaillant, JUNKERS, FAGOR

Pasatempos

SOPA DE LETRAS

BUSCA O NOME DE OITO APARELLOS DE LABRANZA:

U	O	Ñ	I	C	U	O	F
S	G	X	C	F	I	U	O
R	U	F	B	S	X	Z	U
G	X	B	T	V	A	E	C
A	N	C	S	G	U	D	E
D	R	P	N	C	Z	G	O
A	S	A	C	H	O	T	R
Ñ	B	T	D	A	V	Q	R
A	X	F	S	O	B	F	A
U	B	D	G	E	A	I	C

CARLA CERDEIRO • 1.º A

BUSCA AS OITO PALABRAS RELACIONADAS COA MÚSICA:

F	O	L	O	A	Z	B	G
T	P	L	P	O	V	A	N
N	M	R	Ñ	I	I	L	A
O	A	A	A	T	A	M	N
C	D	S	A	S	Q	K	A
N	O	L	I	R	A	P	O
O	C	A	T	U	A	R	F
R	E	S	P	A	N	E	U

- Fol
- Gaita
- "Rap"
- Salsa
- Nana
- Roncón
- Frauta
- Arpa

Lucía O. L.

ADIVIÑAS

1.- ALTA ME VEXO NO MEU LUGAREXO, POR UNHA RISADA PERÍN A MIÑA NADA

Solución: O ourito e a castaña

2.- BRANCO FOI O MEU NACEMENTO LOGO VERDE A MIÑA NENEZ, A MIÑA MOCIDADE ENCARNADA E NEGRA A MIÑA VELLEZ

Solución: O ourito e a castaña

Lucía Barrera López - 2.º B

3.- UNHA SEÑORITA MOI ASEÑORADA, CHEA DE REMENDOS, SEN UNHA PUNTADA

Solución: O ourito e a castaña

4.- UNHA VELLA CUNDENTA CHAMA A TODA A XENTE.

Solución: A campá

5.- NACÍN NA AUGA, E NA AUGA ME CRIEI, SE ME POS NA AUGA, NA AUGA MORREREI

Solución: O sal

SOPA DE LETRAS

BUSCA EN TOTAL 10 NOMES DE ILLAS E CABOS DE GALIZA (ENTRE OS DOUS)

D	I	F	X	V	U	A	I	S	C
X	P	A	R	R	E	T	S	I	F
A	N	Q	S	M	H	O	F	S	B
L	I	A	N	O	L	X	I	A	D
L	O	R	T	E	G	A	L	R	I
I	N	O	S	C	S	L	X	G	P
S	S	U	V	I	L	A	N	A	U
Z	X	S	G	E	S	A	V	S	O
V	Z	A	Z	S	P	R	I	O	R
I	N	A	Ñ	I	R	U	O	T	V

Lucía Barrera López - 2.º B

«CAFETERIA»

Vista Alegre

- Sellado de Quinielas -

Teléfono: 982 58 08 54

Avda. Arcadio Pardiñas

27880 BURELA (Lugo)

BAR

COMIDAS

HOSPEDAJE

Teléfono: 982 58 15 57

C/. Instituto, n.º 8

27880 BURELA (Lugo)

Pasatempos

SOPA DE LETRAS

BUSCA OITO PALABRAS RELACIONADAS COA MUSICA:

S	S	Z	A	G	U	F	B	X	Q
O	S	R	Ñ	P	S	A	F	M	D
L	R	O	T	C	T	X	U	Q	I
I	H	B	L	U	E	L	S	Ñ	R
S	Q	M	T	F	C	Z	A	P	E
T	D	A	R	I	E	V	D	I	C
A	T	T	A	T	O	X	Ñ	V	T
O	M	E	T	R	O	N	O	M	O
M	F	R	A	U	T	A	R	L	R
N	G	H	U	B	I	V	E	H	Z

- Solfexo
- Solista
- Director
- Metrónomo
- Frauta
- Tambor
- Xota
- Fusa

XEROGLÍFICO

- ¿Quen me pode axudar con ese problema?



Solución: Conta con xacinto

Andrea Rico Pedrosa - 1,º B

XEROGLÍFICOS

1 - ¿Hai algo para comer?

ABRIL
NOTA
SETEMBRO

Solución: Si, entremeses
Nota= si, entremeses (abril/setembro)

2.- Chaira galega:



Solución:
Terra Chá

Lucía Barrera López - 2.º B

Instituto "Perdouro"

OFERTA EDUCATIVA



ESO
BACHARELATOS

- Humanidades
- Ciencias Sociais
- Tecnolóxico

CICLOS DE GRAO MEDIO

- Perruquería
- Xestión Administrativa
- Mecanizado
- Equipos Electrónicos de Consumo

CICLOS DE GRAO SUPERIOR

- Administración e Finanzas
- Desenvolvemento Productos Electrónicos

PRAZO DE MATRÍCULA:
ESO E BACHARELATO:
De 25 de Xuño a 10 de Xullo

CICLOS FORMATIVOS:
PRE-INSCRIPCION: De 17 de Xuño a 2 de Xullo

MATRÍCULA:
De 15 a 21 de Xullo

PRAZO EXTRAORDINARIO DE SETEMBRO:
Do 1 ao 9

AENOR Empresa Registrada ER-0837/2005

Certificación de Calidade en ESO, BACH, PGS e CF de Administración, Perruquería e Mecanizado

CERTIFIED IQNet MANAGEMENT SYSTEM

Rúa dos Institutos, s/n. - 27880 - Burela (Lugo)
Tel.: 982 57 50 98 / Fax: 982 57 50 97 / E-mail: ies.perdouro@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/iesperdouro



EXPLOTACIONES CERÁMICAS ESPAÑOLAS, S.A.

MINAS Y LAVADEROS
BURELA (LUGO)

Teléfono: 982 58 03 00
Fax: 982 58 09 88

Porto Plaza
CENTRO COMERCIAL

C/. PARDO BAZÁN

VEN A BURELA Y DISFRUTA EN PORTOPLAZA

CONCELLO DE BURELA